

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Florencio Delgado Gurriarán, a Valentín Paz-Andrade do 10/05/1980

Colección:

Data: 10/05/1980

De:

Florencio Delgado Gurriarán;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Guadalajara [nac. México] (local), Jalisco (estatal), México (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa:]

Localización física:Arquivo Familiar Paz Andrade

Temáticas:

Álbum de Galicia; *Castelao na luz e na sombra*; Artes; Autores/as; Homenaxes; Literatura;

Mencionados:

Ignacio Asúnsolo; Castelao; Luís Soto Fernández;

Notas do editor:

Inclúe anexos: documentación sobre Castelao



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Florencio Delgado Gurriarán, a Valentín Paz-Andrade do 10/05/1980

Guadalaxara, Nova Galiza, 10 de maio do 1980

Benquerido amigo Valentín:

Recibín a túa do vinteún de abril e fólgame moito coas novas que me das da túa futura viaxe a Valdeorras. Gracias de antemao pola intervención que vas a ter na homenaxe que, en parte, vai a ser adicada a min. Supoño que nas lápidas porán «rúas» e non «calles», pois coido que ao noso bon amigo Gayoso, ao que desexo lle deas unha forte aperta no meu nome, non lle pasará inadvertido ese detalle. Xa me contarás. Sigo a libar paseniño (coma compre facer coa poesía) no teu fermoso libro.

Aceito con gusto a túa encomenda de dados para o teu futuro libro Castelao na luz e na sombra e nesta mesma carta adxunto algúns que desexo che sexan proveitosos. Dende logo o Soto é o que máis coñece das xeiras de Castelao pola América do Norte e por Cuba, xa que el foi o seu compañeiro nelas. Mais Soto tamén anda a facer un libro (millor dito, xa o ten feito segundo di el) sobre Castelao, no que sostén a tese de que o noso heroi era marxista ou, polo menos socialista, e non sei ata que ponto estará disposto a proporcionar os moitos dados que sen dúbida ten. Por se lle queres escribir o seu enderezo é: Marsella, 76, México, 6, D.F. O de Roxelio é Torquemada 118, Imprenta, Méx-8, D.F. Ehí, na Terra, podes ver ao meu amigo e compadre Francisco Mares, ao que penso que ti tamén coñeces: vive no Carballiño, Mosquera 34 (comercio) ou Margarita Taboada 73, que é onde ten o seu domicilio. O Mares era, na emposta da viaxe de Castelao, un membro moi activo das Sociedades Hispanas Confederadas e pódete dar novas e enderezos de xente que as complete. Confidencialmente: se che interesa fala coel, xa que, por terse formado nas Américas, non se desenvolve moi ben por carta.

A carta de Castelao que che trascrebo en parte, dirixiuma cando eu estaba en Francia nos fins da guerra; nela pregúntame por amigos comúns e fálame doutras cousas que non xulgo interesantes para os fins que persigues de escolma de dados da súa viaxe polas Américas.

Da vida e traballos de Castelao en Bos Aires supoño que terás elementos de abondo para o teu libro. Eu teño xornáis e revistas daqueles tempos e supoño que ti tamén os terás.

Castelao, Picallo, Ríos e Villanueva, digo, Villaverde, xunto con Ramón Cabanillas, fillo, xantaron na miña casa cando fixeron a viaxe a México na emposta da celebración das Cortes republicanas. Falamos de moitas cousas que non lembro e daquela presenteille ao escultor mexicano Ignacio Asúnsolo, autor do monumento a Obregón. Emporiso lémbrome ben de que Castelao tomaba con humor e dinidade a xenreira que lle manifestaba Pedro Longueira, xenreira que aparece patente nas notas que che adxunto. Agardo que che sirvan de algo e, se atopo algunha cousa máis que poida servirche para o teu libro prometo enviarcha.

Ando a facer unha escolma de todos os meus poemas de loita e sátira que me gustaría publicar e, aproveitando a viaxe que vai facer á Galicia o vrao vindoiro o amigo Ramón Esturau, vou a mandar por el todo ese material. E quixera que se puxera en contacto contigo e con algúns outros

amigos, para ver se é posible e comenente publicalo.

¿Qué me podes contar do grupo «Realidade Galega» de que me falaron?

Saúdos cordiais da miña muller e meus para a túa dona e fillo.

Unha moi forte aperta para ti do teu sempre amigo

Florencio

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.